



## CONCELLO DE BEGONTE

### **BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 6 PEÓNS DE OBRA PÚBLICA PROGRAMA DEPUEMPREGO.**

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS, SERVIZOS E CREACIÓN DE EMPREGO AO ABEIRO DO "PROGRAMA DEPUEMPREGO".

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da convocatoria conforme o previsto na Cláusula sétima do convenio de selección e posterior contratación ou nomeamento do persoal" con carácter temporal e xornada do 75 %, para os seguintes postos de traballo:

- **6 Peóns de obra pública**

#### **1.1. FUNCÍONS.**

Desempeñarán as funcións propias da súa categoría e grupo profesional.

#### **2.- DURACIÓN DO CONTRATO.**

Será de cinco ( 5 ) meses.

#### **3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de realización do proceso de selección :

- a) Ser español ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, nos termos do disposto no Estatuto Básico do Empregado Público. (Lei 7/2007, de 12 de abril ).
- b) Ter a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
- c) Ter cumpridos os 16 anos e non exceder , no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administración Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por sentenza firme.
- e) Figurar na listaxe de candidatos remitidos pola Oficina de Emprego correspondente.
- f) Os aspirantes que non teñan nacionalidade española e poidan participar nesta convocatoria, deberán, igualmente, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado , nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

#### **4.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

O sistema de selección dos traballadores consistira nunha fase de concurso na que se valorarán os méritos e se realizará unha entrevista previa dirixida a apreciar as actitudes dos aspirantes para o mellor desempeño do posto de traballo.





## CONCELLO DE BEGONTE

O concello dará publicidade á convocatoria e ás bases de selección mediante o correspondente anuncio no Taboleiro de edictos e páx. Web do concello, e solicitará as persoas demandantes non ocupadas, necesariamente mediante a presentación da correspondente oferta no SPEG.

### 4.1. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE:

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Tarxeta demandante de emprego
- Documentación que acredite os méritos alegados, para a súa valoración.

A documentación deberá achegarse o mesmo día da selección **21 de outubro de 2016 ás 9h.**

Os méritos non acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes non serán valorados, e xa que logo, non serán obxecto de subsanación posterior ó día que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

### 4.2. BAREMACIÓN

**Aplicarase a seguinte baremación para a selección dos/as aspirantes:**

Experiencia profesional: máximo 3,00 puntos.

- Servizos prestados como traballador/a nunha Administración Pública, en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,25 puntos/mes completo ata un máximo de 3,00 puntos.
- Servizos prestados como traballador/a na empresa privada en posto de traballo da mesma categoría e cometido funcional ao que se aspira: 0,10 puntos/ mes, ata un máximo de 3,00 puntos.

Por as seguintes situacións: máximo 2,00 puntos

| Colectivos con dificultades integración laboral | Puntos |
|---|--------|
| Muller  | 2,00   |
| Maiores de 45 anos                              | 2,00   |
| Persoas con discapacidade                       | 1,50   |
| Parados de longa duración (máis 12 meses)       | 1,00   |
| Persoas vitimas de violencia de xénero          | 2,00   |

Outros meritos:

- A posesión do carné de conducir tipo **B**: 1,00 punto





## CONCELLO DE BEGONTE

Documentación xustificativa desta baremación:

1. Experiencia Profesional: Informe de Vida Laboral e Copia Compulsada dos Contratos de Traballo relacionados co cometido funcional o que se aspira, completado, si é posible, co certificado descritivo das tarefas desenvoltas.
2. Persoas con discapacidade: certificado de recoñecemento da discapacidade.
3. Parados de longa duración: certificado do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), de tempo de inscrición.
4. Mulleres vítimas de violencia: se acreditara segundo o artigo nº5 da Lei 1/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
5. Carné de conducir tipo B: fotocopia compulsada.

### 4.3 ENTREVISTA: Máximo 4,00 puntos.

A entrevista terá carácter previo e versará sobre a función a desempeñar. Constará dun grupo de preguntas que obrigatoriamente se lle farán a tódolos aspirantes.

## 5.- DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.

### 5.1.- Comisión de Selección:

A Comisión de Selección estará integrada polos seguintes membros :

**PRESIDENTE:** D. Manuel Seijas Ferreiro, Encargado de obras e servizos do Concello de Begonte.

**Suplente:** D. José Manuel López Díaz, Encargado de Obras e Servizos de mantemento do Concello de Friol.

### VOGAIS :

- Dna. Sara Martínez Ferreiro, Auxiliar – Administrativo do Concello de Begonte
- **Suplente:** Dna. Carmen Vázquez García, Administrativa do Concello de Begonte
- D. Antonio Lorenzo Morandeira, Secretario – Interventor do Concello de Begonte.
- **Suplente:** D. Julio González Casanova, Secretario – Interventor do Concello de Friol.
- Dna. M<sup>a</sup> Jesús Blanco Prado, Técnico en Desenvolvemento Económico e Social do Concello de Begonte
- **Suplente:** D. José Ángel Balseiro Amido, Secretario - Interventor do Concello de Rábade.

**SECRETARIO:** Dna. Natalia Puente Piñeiro, Traballadora Social do Concello de Begonte.

**Suplente:** Dna. Elisa Muñoz Álvarez, Secretaria – Interventora do Concello de Baralla.



## CONCELLO DE BEGONTE

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, serán resoltos polo Tribunal, por maioría.

### **5.2 Desenvolvemento do Proceso de Selección**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e a subsanación das mesmas, no seu caso, o Tribunal de Selección procederá á valoración dos méritos alegados, logo da realización da entrevista curricular. A estes efectos, os méritos alegados non acreditados documentalmente dentro do prazo de presentación de solicitudes non serán valorados, e xa que logo, non serán obxecto de subsanación posterior ó día que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As entrevistas terán lugar no Salón de Sesiões do Concello ás **once horas (11.00 h) do día 21 de outubro 2016**. Pola presente, quedan citados os aspirantes para que comparezan no lugar, data e hora sinalados.

A valoración dos méritos e a realización da entrevista dos aspirantes será por orden de presentación de instancias no rexistro do Concello.

En caso de empate na puntuación, a orde de prelación é a seguinte: entrevista, experiencia e antigüidade como inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) como demandante non ocupadas.

### **6.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

A Comisión de Selección, realizadas as valoracións oportunas dos méritos e a entrevista, e coa puntuación formulará a proposta de contratación, sen que esta poida superar o número de postos convocados.

A proposta de contratación notificarase ao/aos aspirante/es seleccionado/os e publicarase no taboleiro de anuncios da Corporación e na web do concello.

### **7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Os aspirantes propostos para ser contratados, dentro do prazo de tres días naturais, a contar dende o seguinte ó da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do concello e páxina web do concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 3ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- a) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.
- b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das tarefas propias da praza.







## CONCELLO DE BEGONTE

- c) Fotocopia da tarxeta da seguridade social e certificación número de conta bancaria.

### **8.- RESOLUCIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Constatado mediante a documentación sinalada no apartado anterior, que os aspirantes propostos reúnen os requisitos esixidos para o contrato, o Sr. Alcalde-Presidente resolverá a favor dos aspirantes propostos e formalizará cos seleccionados o correspondente contrato laboral temporal a tempo parcial, segundo o previsto na lexislación laboral aplicable.

### **9.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

No non sinalado nas presentes bases de selección serán de aplicación as seguintes disposicións :

- O convenio de colaboración tipo coa Excma. Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do "Programa Depuemprego" firmado o 23 de setembro de 2016.
- Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento Administrativo Común.

### **10.- RÉXIME DE RECURSOS .-**

Contra o acordo de aprobación das bases desta convocatoria, que é definitivo en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición diante das Alcaldía, no prazo de un mes contado desde a notificación do acordo, ou recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime procedente.

Begonte, a 7 de outubro de 2016.

O Alcalde



Asdo. José Ulla Rocha.



## CONCELLO DE BEGONTE

### ANEXO

### MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN SELECCIÓN E CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 6 PEÓNS DE OBRA PÚBLICA, PROGRAMA DEPUEMPREGO 2016

#### I.- DATOS REFERENTES AO POSTO DE TRABAJO SOLICITADO:

Categoría: Peón

Grupo Profesional: 10

Duración: 5 meses /Xornada laboral: 75 %

#### II.- DATOS PERSOAIS

|                    |                  |                                  |
|--------------------|------------------|----------------------------------|
| Apelidos:          |                  | Nome:                            |
| Data de nacemento: | D.N.I.:          | Nacionalidade:                   |
| Domicilio:         |                  |                                  |
| Municipio:         | C. P. Provincia: | Teléfono:<br>Correo Electrónico: |

#### SOLICITA

Ser admitido nas probas selectivas convocadas para a contratación laboral temporal do posto antes descrito, e declaro que son certos todos os datos consignados nesta solicitude, e que coñezo e reúno as condicións e requisitos esixidos pola base 3) desta convocatoria, ademais achégase o seguinte:

- Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Begonte, a            de            de 2016.

Sinatura.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BEGONTE.